



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

CIRCULAR 41/2012

- A todas as Delegacións (*)

- A todos os adestradores, clubs e atletas

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

CAMPIONATO GALEGO DE VETERANOS EN PISTA AO AIRE LIBRE

Lugo, 10 de Xuño 2012

Art.1) O día 10 de Xuño organizarase o Campionato Galego de Veteranos de pista ao aire libre nas pistas de Atletismo de Lugo. O evento está organizado pola Federación Galega de Atletismo a través da súa delegación en Lugo.

Art.2) Poderán intervir todos aqueles atletas da citada categoría (que teñan cumpridos o día da competición 35 ou máis anos), que se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2011/12) por algún Club pertencente á Galicia.
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertezan a Clubs doutras Comunidades Autónomas.
3. Atletas non galegos convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

Art.3) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web www.atletismogalego.org con data límite o martes **día 5 de Xuño**, ata as 20,00 horas.

Art.4) Os atletas, deberán confirmar a súa participación ata 45 minutos antes do comezo de cada proba. Una vez rematado este prazo, non se admitirá a participación do atleta.

Art.5) Os tres primeiros atletas clasificados de cada categoría recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao protocolo de premiacións. Caso contrario, non se fará entrega da medalla.

Art.6) Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible. Asemade, tamén os números adicionais nas probas cronometradas automaticamente de velocidade e valados. O incumprimento desta norma poderá ser motivo de descalificación.

Art.7) O longo do Campionato, un atleta pode ser excluído de participar nunha ou varias probas no caso de que habéndose clasificado nas eliminatorias ou series non participe na seguinte ou ben téndose confirmado a súa inscrición, non participe sen dar unha razón válida.

Art.8) Se nalgunha das probas nas que está previsto realizar series clasificatorias, non se presentaran a confirmar o número mínimo preciso para a súa realización, suspenderase a celebración das mesmas e disputarase a seguinte fase á hora prevista.

Art.9) En tódalas carreiras, a confección de series realizarase en función dos rexistros que posúan os atletas na presente tempada ou, no seu defecto, en relación á tempada anterior. Antes da saída, o xuíz da proba comunicará ós participantes o sistema de clasificación para a seguinte rolda caso de que a houbera.



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

Art.10) Cada atleta poderá facer un máximo de 3 probas sendo soamente unha delas superior os 1500 metros. Só se programarán máis probas en caso de haber tres ou máis atletas inscritos.

Art. 11) No caso de haber mellora nos concursos pasarán as oito mellores marcas independentemente da categoría de cada atleta.

Art.12) Horario da competición

XORNADA DE MAÑA				
10.000 Marcha C-1	Homes	10.30		
5.000 Marcha C-5	Mulleres			
		11.00	Martelo	H-M
			Pértega	H-M
400 m.valados	Homes-Mulleres	11.30		
300 m.valados	Mulleres	11.35		
3.000 Obstác.	Homes	11.40		
		11.50	Disco 2,00	Homes
100 m.	Mulleres	12.00	Altura	H-M
100 m.	Homes	12.10		
1.500 m.	Homes	12.30		
1.500 m.	Mulleres	12.50		
110/100 v.	Homes	13.00	Disco 1,500-1	Homes
			Triplo	Homes
100/80v	Mulleres	13.10		
80 v..	Homes	13.20		
400 m.	Mulleres	13.30		
400 m.	Homes	13.40		
XORNADA DE TARDE				
800 m.l.	Mulleres	17.00	Xavalina 800-700	Homes
			Peso 5-4-3 kg	H-M
			Lonxitude	Mulleres
800 m.l.	Homes	17.10		
200 m.	Mulleres	17.40		
200 m.	Homes	17.50		
5.000 m.	M e H M45 e +	18.15	Lonxitude	Homes
		18.30	Xavalina 600	H-M
			Peso 6-7,280 k	Homes
5.000 m.	Homes M35-M40	18.45		
10.000 m.	Homes	19.05		

No caso de que existan máis de 3 atletas interesados en participar nunha proba que non esté contemplada neste horario deben remitir un email á maior brevidade posible a gestion@fgatletismo.com indicando a proba a engadir. Este poderá ter modificacións en función das inscricións recibidas finalmente.

Art.13) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo cas normas da I.A.A.F

Victor Arufe Giraldez
Secretario Xeral da FGA
(Asdo. no Orixinal)
A Coruña, a 29 de maio 2012